



VILAMEÁN

Foi o lugar de Vilameán desmembrado de Sn. Salvador de Tebra, e erixido en parroquia enteiramente independente daquela con vista do expediente que ao efecto se formou no ano 1794, e Auto a continuación provido polo Provisor de Tui o 26 de Novembro do mesmo, pois por el separa de Sn. Salvador de Tebra o motivado lugar de Vilameán, para erixilo en parroquia en todo independente da matriz co título de Sn. Bento Abade e fundador: e para dotación do novo Párroco agregoulle o Beneficio sen cura de Sn. Salvador de Tebra vacante por morte do seu último posuídor Dn. Antonio Gutiérrez Kubalcaba, mandando que entre estas dúas Parroquias, a matriz e a novamente desmembrada, non houberse partición de Décimos; aínda que os veciños dunha traballen bens en término da outra, quedando ditos froitos decimais por enteiro na parroquia onde estean sitos os terreos; e pon que Vilameán excedía neles a matriz en valor de 400 reais, dispuxo que esta leve a metade, e que o Abade dea cada ano ao de Sn. Salvador de Tebra pola outra metade 200 reais. A esta desmembración deu o Rei o seu ascenso consentimento para que se levase a efecto en Aranjuez a 19 de Xuño de 1795. A igrexa parroquial labrouse no seguinte 1796 como se infire dun rótulo que se ve cicelado no medio da bóveda da capela maior en que se le isto: Año de 1796. O novo primeiro párroco para aquí Dn. Xoán Francisco de Oya Benavides tomou posesión do curato en 22 de Agosto do propio ano 96. Venera Vilameán por Patrón tutelar ao indicado Patriarca Sn. Bento, a quen celebran o 21 de Marzo. Habitana 88 veciños, que pertencen polo contencioso político e gobernativo á Xustiza de Sta. María de Tebra. Valen os seus décimos 8.200 reais, que levanta por enteiro o Párroco, que non ten casa reitoral nin igrexario; pero cobra de renda anual $22\frac{3}{4}$ de miúdo. A fábrica da igrexa non percibe cousa algunha. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Conserva unha capela nunha devesa, pero ben tratada, dedicada a Sn. Tomás Apóstolo, a que por moitos anos serviu aos veciños de Vilameán para oír Misa os días festivos mentres non se erixiu a parroquia. Dista de Tui segua e media." (Ávila y La Cueva, 536-537).





Igrexa

Esta parroquia foi erixida por desmembración de S. Salvador de Tebra en 1794.

A obra da **igreja** (462) contrátase o 11 de marzo do ano 1792. A capela maior non se acabará ata 1796.

O mestre canteiro a quen foi contratada é Xoán Francisco de Novas Gayoso, natural de Pazos de Reis, que xa tiña construído e traballado noutras igrexas da Diocese: Currás, Celeiros, Quintela; e seguía o modelo da construída en Amorín por Manuel Sarrapio.

O remate final da obra ten lugar o 2 de decembro de 1798, e faino Domingo Antonio Novas y Lemos, xa que o anterior faleceu sen poder acabala.

A planta da nave é rectangular e a da capela maior cadrada.

A fachada principal preséntase apilastrada nas esquinas. A porta adórnase cunha moldura e basas similares as das pilastras. Unha cornixa fai a separación da base da fornela central e adórnase nos extremos con relevos de pináculos de bola.

A **fornela central** (464) ábrese no seu fondo dando lugar ao ventanal que dá luz á tribuna. Remátase con cuncha de vieira e acolle unha imaxe de S. Bieito en pedra, de factura recente, colocada no ano 2006.

Das pilastras extremas, rematadas en pináculos, nace unha cornixa que ascende ata a base da espadana de dous ocos, con outra cornixa que sostén outro pequeno oco superior, entre pináculos, que fai de base á cruz de remate.

A nave susténtase con catro contrafortes por cada lado e presenta un tellado a dúas augas sobre bóveda de ladrillo.

A capela maior presenta un tellado a catro augas con pináculos esquinais e cruz de remate central. Os seus paramentos son de maior altura que os da nave. A súa bóveda é de pedra e contrarresta as súas forzas con outros dous contrafortes nas esquinas do lado leste.

Ao norte está adosada a sancristía.

O **interior** (465) presenta a nave coas paredes en pedra ata o nacemento da bóveda de ladrillo que está pintada intentando semellar pedra. Divídese en catro tramos correspondentes aos arcos de medio punto que apoian nos contrafortes exteriores.

O presbiterio ten bóveda de pedra con catro nervos apoiados en ménsulas laterais. Na crave central aparece a data do seu remate: "AÑO DE 1776".

O 14 de maio de 1796 era o encargado da parroquia don Miguel Angulo. Contrata a construción do retablo maior, que cubrirá todo o paramento da capela maior, con



Bernardo Ferreira pola cantidade de 3.100 reais de vellón a pagar segundo se vaia facendo a obra.

Este retablo perdeuse, o mesmo que os outros dous retablos laterais, dos que queda unicamente o altar de pedra adosado á parede lateral, entre o último arco e o testeiro da nave. Un estaba dedicado á Inmaculada e o outro ás Animas.

Na actualidade a **imaxinería (466)** colócase en peñas de pedra.

Conserva algunha das imaxes primitivas que tivo a igrexa o mesmo que unha de **San Tomé (467)** pertencente a unha capela hoxe en día desaparecida.

FESTAS E ROMAXES DE VILAMEÁN

- S. Bieito (463): 11 de Xullo.
- Perpetuo Socorro (468): setembro (variable)





Para coñecer máis sobre este tema:

AVILA Y LA CUEVA, FRANCISCO: *“Historia civil y eclesiástica de la Ciudad de Tui y su Obispado”* Edición facsímile. 2 tomos. Consello da Cultura Galega (1995).

ÁLVAREZ FERNANDEZ, DOLORES: *“El Retablo Barroco en la Antigua Diócesis de Tui”*. Deputación Provincial de Pontevedra (Pontevedra, 2001).

BAQUERO ALONSO, AVELINO: *“Breve historia del Monasterio y Parroquia de Santa María de Oia”*. Editorial Fama.

CASTRO GUERREIRO: *“Os mais belos Cruceiros do Baixo Minho”*. Gráficas Juvia (Tui, 1999).

DE SÁ BRAVO, HIPÓLITO: *“Rutas del Románico en la Provincia de Pontevedra”*. Caixa Rural Provincial de Pontevedra (Vigo, 1978).

DOMÍNGUEZ FONTENLA, JUAN: *“El Voto a Santa Tecla”*. Irmandade do Clamor de Santa Trega (A Guarda, 1998).

FERNANDEZ DE LA CIGOÑA FRAGA, SALVADOR: *“Cruceiros del Val Miñor y Santa María de Oia”*. Deputación Provincial de Pontevedra (Vigo, 2003).

IGLESIAS ALMEIDA, ERNESTO: *“Arte y Artistas en la antigua Diócesis de Tui”*. Museo e Arquivo Histórico Diocesano – Tui (Tui, 1989).

MARTÍNEZ TAMUXE, XOÁN: *“Ermita de San Gregorio, su Historia y Tradicional Fería-Romería”*. Parroquia de S. Miguel de Tabagón (O Rosal, 1996).

MARTÍNEZ TAMUXE, X. e ALONSO RODRÍGUEZ, A.: *“Parroquia de San Miguel de Viladesuso”*. Servizo de Publicacións do Concello de Oia (O Rosal, 1996).

MARTÍNEZ TAMUXE, XOÁN: *“Cruceiros, Cruces e Almiñas do Baixo Miño. I Concello do Rosal”*. Servizo de Publicacións do Concello (O Rosal, 2000).

MONTAÑA, ESTRO: *“Polos vieiros do vello Miño”*. Edicións Nigratrea (Vigo, 2005).

REY IGLESIAS, XOÁN: *“Historial de Oia. (La Voz del Tecla 1915-1916-1917)”*. Concello de Oia (A Guarda, 2004).

VV. AA.: *“Monasticón Cisterciense Gallego”*. Caixavigo e Ourense – Edilesa (León, 2000).

“Guía de Visita del Santuario de San Campio de Lonxe”. Ed. Fama (Vigo, 2005).